

PROGRAMACIÓN DE GUITARRA

2025/2026



CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS	CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:
CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

R/ C. Gavián, nº 2 – baixo
36860 Ponteareas (Pontevedra)
Tel.: 618 186 137
Email: cemu@cdmgalicia.com

Índice

1.	Introdución	1
1.1	Marco legal	1
1.2	Características do Centro	3
1.3	Características do alumnado	3
2.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais.....	3
2.1	Obxectivos xerais.....	4
2.2	Obxectivos específicos	4
2.3	Contidos	5
2.4	Criterios de avaliación	6
3.	Metodoloxía	7
3.1	Principios metodolóxicos.....	8
3.2	Métodos didácticos	8
4.	Atención á Diversidade	9
4.1	Principios xerais da atención á diversidade	9
4.2	Medidas de atención á diversidade	9
4.2.1	Adaptación metodolóxicas	9
4.2.2	Apoio e reforzo educativo	10
4.2.3	Atención ao alumnado con altas capacidades.....	10
4.3	Coordinación e seguimento	10
5	Temas transversais.....	11
5.1	Educación en valores	11
5.2	Desenvolvemento persoal e social	11
5.3	Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible.....	12
5.4	Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's).....	12
6	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	13
6.1	Concertos e recitais.....	13
6.2	Obradoiros e masterclasses	13
6.3	Colaboración con outras disciplinas artísticas	13

7. Secuenciación por cursos	14
7.1 Curso 1º	15
7.1.1 Obxectivos.....	15
7.1.2 Contidos	16
7.1.3 Avaliación.....	16
7.1.3.1 Criterios de avaliación.....	17
7.1.3.2 Mínimos esixibles	17
7.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	18
7.1.3.4 Criterios de cualificación	19
7.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	19
7.1.3.6 Medidas de recuperación.....	19
7.1.4 Recursos didácticos	20
7.2 Curso 2º	21
7.2.1 Obxectivos.....	21
7.2.2 Contidos	21
7.2.3 Avaliación.....	23
7.2.3.1 Criterios de avaliación.....	23
7.2.3.2 Mínimos esixibles	24
7.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	24
7.2.3.4 Criterios de cualificación	25
7.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	25
7.2.3.6 Medidas de recuperación.....	26
7.2.4 Recursos didácticos	27
7.3 Curso 3º	27
7.3.1 Obxectivos.....	27
7.3.2 Contidos	28
7.3.4 Avaliación.....	29
7.3.3.1 Criterios de avaliación.....	30
7.3.3.2 Mínimos esixibles	30

7.3.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	31
7.3.3.4 Criterios de cualificación	32
7.3.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	32
7.3.3.6 Medidas de recuperación.....	32
7.3.4 Recursos didácticos	33
7.4 Curso 4º	34
7.4.1 Obxectivos.....	34
7.4.2 Contidos	34
7.4.5 Avaliación.....	36
7.4.3.1 Criterios de avaliación.....	37
7.4.3.2 Mínimos esixibles	37
7.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	38
7.4.3.4 Criterios de cualificación	39
7.4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	39
7.4.3.6 Medidas de recuperación.....	39
7.4.4 Recursos didácticos	40
7.5 Curso 5º	41
7.5.1 Obxectivos.....	41
7.5.2 Contidos	41
7.4.6 Avaliación.....	43
7.5.3.1 Criterios de avaliación.....	44
7.5.3.2 Mínimos esixibles	44
7.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	45
7.5.3.4 Criterios de cualificación	46
7.5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	46
7.5.3.6 Medidas de recuperación.....	46
7.5.4 Recursos didácticos	47
7.6 Curso 6º	48
7.6.1 Obxectivos.....	48

7.6.2 Contidos	48
7.6.3 Avaliación.....	51
7.6.3.1 Criterios de avaliación.....	51
7.6.3.2 Mínimos esixibles	52
7.6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	52
7.6.3.4 Criterios de cualificación	53
7.6.3.5 Medidas de recuperación.....	54
7.6.4 Recursos didácticos	54
8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	55
9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	56
10. Anexos.....	57
10.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional.....	57
10.2 Probas de acceso a outros cursos.....	57
10.3 Premios de fin de grao.....	57
10.3.1 Contidos da proba.....	57
10.3.2 Criterios de avaliación.....	57
10.3.3 Criterios de cualificación	58
10.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais	58
10.5 Faltas de asistencia	58

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Guitarra Eléctrica está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos seis cursos que constitúen o grao profesional, e foi elaborada polo profesor do departamento de guitarra eléctrica de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, tal e como establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai seguir —indicando os materiais e recursos didácticos que se empregarán—, así como a avaliación cos seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe como da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta Programación Didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe e, ao mesmo tempo, como un marco de referencia que lle dá coherencia á nosa ensinanza, garantindo que os alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha formación que favoreza a consecución de competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco legal

A programación da materia de Guitarra na especialidade de Música Moderna baséase na normativa vixente aplicable ás ensinanzas profesionais de música en España e en Galicia. Téñense en conta os seguintes documentos:

Normativa estatal

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, que establece o marco xeral das ensinanzas artísticas e profesionais de música.
- **Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en España.
- **Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo**, polo que se regula o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e os títulos correspondentes.

Normativa autonómica (Galicia)

- **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Orde do 29 de setembro de 2015**, pola que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia, detallando os contidos específicos de cada materia.
- **Orde do 11 de xuño de 2010**, pola que se regulan os aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Decreto 426/2003, do 30 de outubro**, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de réxime especial en Galicia, incluíndo os conservatorios profesionais.
- **Decreto 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 en canto á organización dos conservatorios profesionais.
- **Orde do 28 de xullo de 2008**, pola que se establecen os criterios de avaliación e promoción do alumnado nas ensinanzas profesionais de música en Galicia, disposta no Decreto 198/2007, do 27 de setembro.
- **Circular 15/2011**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan os aspectos organizativos dos conservatorios profesionais de música en Galicia.

Normativa interna

- **Normativa interna do conservatorio autorizado**, onde se detallan aspectos organizativos específicos, como a distribución horaria, os criterios de avaliación e as metodoloxías didácticas.

1.2 Características do Centro

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas, un centro especializado na formación de músicos cun enfoque práctico, integrador e adaptado ás demandas actuais do panorama musical. Este centro ten como finalidade ofrecer unha formación sólida e actualizada que prepare ao alumnado para afrontar os retos tecnolóxicos e creativos presentes na música contemporánea. O centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais. Ao longo destes anos, moitos alumnos prepararon satisfactoriamente as probas de acceso, tanto en música como en danza, para acceder ao ámbito superior. A maiores o centro ten un amplo calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado que se realizan tanto dentro das instalacións como en concertos e festivais ao aire libre. O centro ten unha capacidade para acoller uns 180 alumnos de música e 80 de danza.

1.3 Características do alumnado

O alumnado varía a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. As principais motivacións para o estudo neste centro son: a obtención dun título que lles abra saídas profesionais e que os posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música, a calidade das ensinanzas e a ubicación do centro. O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

O alumnado que cursa estes estudos procede de diferentes especialidades instrumentais e posúe formacións previas diversas, polo que o aprendizaxe está estruturado de xeito flexible, atendendo á pluralidade de niveis e intereses. Esta diversidade constitúe un valor engadido no proceso de aprendizaxe, fomentando a colaboración, a resolución de problemas e o intercambio de coñecementos.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de enseñanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no seu artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade.

2.1 Obxectivos xerais

- a) Habituar-se á escoita da música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Obxectivos específicos

- Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Adquirir as diferentes técnicas para a afinación do instrumento como fase previa á execución.
- Entender a historia, evolución e características do instrumento en relación cos diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e do jazz.
- Asimilar os conceptos propios da linguaxe musical e da harmonía, logrando o nivel de lectura necesario para a interpretación de guións, partituras e notacións específicas para guitarra eléctrica, con fluidez.
- Coñecer as características técnicas do instrumento e o seu mantemento; utilizar os accesorios, os efectos, o material de amplificación e de ecualización para a adaptación

adecuada a unha situación musical concreta, así como para investigar na creación de novas sonoridades.

- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar relativos á dixitación, ao fraseo e á dinámica.
- Profundar na execución con precisión rítmica e na interiorización do tempo.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Practicar a música de conxunto.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas cun nivel de dificultade adecuado a este grao.

2.3 Contidos

- Contexto histórico, social e cultural da guitarra.
- Análise dos xéneros e intérpretes máis representativos en diferentes formatos gráficos e de audio.
- Aprendizaxe gradual dos valores rítmicos, compases, armaduras, escalas e tonalidades mediante o sistema de posicións.
- Lectura á vista.
- Notación estándar e tabulatura.
- Lectura rítmica, melódica e harmónica.
- Cifrados de acordes.
- Articulacións, dinámicas e estruturas.
- Desenvolvemento da independencia e coordinación progresiva das dúas mans mediante exercitacións mecánicas.
- Técnicas da man dereita con púa e con dedos.
- Técnicas da man esquerda e elementos expresivos.
- Recursos harmónicos e técnicos aplicados ao acompañamento.
- Construción, materiais e partes da guitarra; axuste de pezas.
- Controis de volume e ton.
- Pastillas activas e pasivas.
- Pedais analóxicos e multiefectos dixitais.
- Ecuilización e configuración do son nos equipamentos de amplificación.

- Exercitación do quentamento, relaxación, concentración e colocación do corpo respecto ao instrumento.
- Aplicación dos recursos adquiridos para tocar en grupo.
- Técnicas de acompañamento.
- Aplicación dos recursos e das técnicas propias da improvisación de xeito gradual, fomentando o seu uso creativo.
- Ditados rítmicos, melódicos e harmónicos.
- Transcricións de sons.
- Participación e asistencia a exposicións, concertos, jams e seminarios especializados.
- Produción musical, edición de partituras, secuenciación e uso de internet.

2.4 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os esforzos musculares indispensables que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que provoquen unha perda de control.
- Demostrar dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que poidan xurdir.
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia que o alumnado vai adquirindo tanto na lectura á primeira vista como na improvisación, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Interpretar obras de distintas épocas e estilos, tanto como solista como en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das obras máis representativas, así como a súa sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Con este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a súa capacidade de concentración sobre o resultado sonoro.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto estilístico persoal e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio preténdese comprobar o desenvolvemento alcanzado polo alumnado en canto a hábitos de estudo e capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da súa personalidade artística.

3. Metodoloxía

O currículo dos ensinos profesionais de música está definido polo conxunto de obxectivos, competencias profesionais, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que regulan a práctica docente nestes estudos.

En relación cos métodos pedagóxicos, son os centros —a través dos proxectos educativos— e o profesorado —mediante a súa programación didáctica— os responsables de determinar a metodoloxía que debe empregarse no desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe musical.

O eixo vertebrador da formación do alumnado debe ser o ensino da especialidade instrumental ou vocal, arredor da cal se debe orientar a acción educativa do profesorado. Trátase de garantir a unificación de criterios en canto ás competencias que deben ser adquiridas en cada curso e ao final do grao, así como a coherencia interna nos procesos didácticos e artísticos que deben empregarse.

A interpretación musical é unha das grandes metas dos ensinos. Constitúe un feito subxectivo no que se unen a mensaxe do autor e a transmisión personalizada do intérprete. Do desenvolvemento da personalidade e sensibilidade do alumnado dependerá a súa capacidade de comunicación e expresión artística.

O alumnado convértese en protagonista do proceso educativo, asumindo o profesorado o papel de guía e conselleiro, ofrecendo orientación, estímulo e solucións concretas a problemas concretos.

3.1 Principios metodolóxicos

- **Individualización e flexibilidade:** As programacións deben ser abertas e adaptables, atendendo ás características do alumnado, potenciando as súas posibilidades e corrixindo as súas carencias.
- **Unión entre técnica e música:** O traballo técnico debe entenderse como un medio ao servizo da interpretación, evitando que se reduza a mera exercitación mecánica.
- **Funcionalidade da aprendizaxe:** O aprendido debe ser útil para abordar novos contidos e mellorar a interpretación.
- **Estudo individual:** Debe formar parte fundamental da aprendizaxe desde o inicio, permitindo integrar e consolidar os coñecementos.
- **Participación activa:** O alumnado debe estar implicado de xeito consciente, creativo e reflexivo no seu proceso formativo.
- **Creatividade e expresión:** A técnica debe servir á expresión artística, fomentando a sensibilidade, a imaxinación e a comunicación emocional.
- **Interdisciplinariedade:** A formación debe vincular a práctica instrumental ou vocal coas demais materias (linguaxe musical, análise, historia, etc.), para unha comprensión global da música.
- **Proxección profesional:** O ensino debe manter conexión co mundo laboral e artístico, entendendo este como obxecto de estudo e recurso pedagóxico.

3.2 Métodos didácticos

- **Relaxación e fluidez:** Conseguir que o alumnado interprete con naturalidade, interiorizando o ritmo e a medida.
- **Traballo estilístico:** Coidar articulacións, ornamentación, fraseo e dinámica, respectando os diferentes estilos.
- **Axuste técnico-expresivo:** Adaptar as dificultades técnicas ás necesidades expresivas das obras.
- **Exploración sonora:** Probar distintas sonoridades para acadar unha calidade de son adecuada.
- **Memorización:** Interpretar de memoria obras de distintos estilos, tanto na clase como en audicións públicas.
- **Lectura á primeira vista:** Fomentar a práctica regular como parte do traballo habitual.
- **Improvisación:** Realizar exercicios vocais ou instrumentais de improvisación para favorecer a creatividade.

- **Audición comparada:** Analizar interpretacións de grandes artistas para desenvolver o espírito crítico.
- **Aprendizaxe práctica:** Integrar o traballo individual co de conxunto, favorecendo a escoita e a coordinación grupal.

4. Atención á Diversidade

A atención á diversidade na materia de Guitarra parte do principio de que cada alumno e alumna ten necesidades, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes. Por iso, esta programación garante unha ensinanza flexible, inclusiva e adaptada, que promova a equidade e asegure que todo o alumnado poida acadar os obxectivos propostos.

4.1 Principios xerais da atención á diversidade

A programación basearase nos seguintes principios:

- **Inclusión:** Garantir que todo o alumnado poida participar de forma activa e significativa nas actividades analíticas propostas.
- **Persoalización da aprendizaxe:** Axustar os contidos e métodos aos distintos niveis de partida e formas de aprender do alumnado.
- **Flexibilidade metodolóxica:** Empregar estratexias didácticas variadas que favorezan a comprensión das obras musicais desde múltiples enfoques.
- **Equidade:** Promover a igualdade de oportunidades e recursos para que cada estudante poida desenvolver ao máximo as súas capacidades analíticas, musicais e expresivas.

4.2 Medidas de atención á diversidade

4.2.1 Adaptación metodolóxicas

- **Uso de recursos visuais e auditivos:** empregaranse partituras con anotacións gráficas, esquemas de estrutura e gravacións de referencia para facilitar a comprensión das obras e a súa montaxe.
- **Emprego de ferramentas dixitais:** utilizaranse aplicacións e programas de notación, metrónomos, afinadores e plataformas de aprendizaxe colaborativa para apoiar o estudo individual e colectivo.
- **Metodoloxía activa baseada en proxectos:** organizaranse concertos, gravacións e montaxes de repertorio como proxectos colectivos, permitindo adaptar os ritmos de traballo ás necesidades do grupo e de cada alumno/a.

- **Presentación de exemplos próximos ao alumnado:** seleccionárase repertorio e estilos coñecidos e motivadores para favorecer a implicación, a conexión co seu contorno musical e a comprensión das funcións de cada sección na banda.

4.2.2 Apoio e reforzo educativo

- Itinerarios adaptados para alumnado con dificultades, atendendo especialmente á comprensión auditiva e lectoescritura musical.
- Actividades complementarias e sesións de reforzo para consolidar conceptos analíticos esenciais.
- Titorías individuais ou en pequenos grupos para reforzar aspectos concretos da materia.

4.2.3 Atención ao alumnado con altas capacidades

- **Asignación de partes de maior dificultade técnica ou responsabilidade musical,** como solos, pasaxes destacados ou liderado de sección, para estimular o seu nivel interpretativo.
- **Participación en tarefas de apoio ao director,** como coordinar ensaios parciais de sección ou propoñer ideas de interpretación e arranxo, favorecendo o seu pensamento crítico e creativo.
- **Incorporación de repertorio complementario de maior complexidade estilística ou técnica,** adaptado ao seu nivel, para traballar en paralelo ao repertorio común do grupo.
- **Participación en proxectos interdisciplinares, gravacións ou actividades externas** (concertos especiais, encontros musicais, colaboracións con outras agrupacións) que potencien a súa motivación e iniciativa artística.

4.3 Coordinación e seguimento

Para garantir unha atención eficaz á diversidade, realizarase:

- **Avaliación continua e individualizada** para detectar dificultades ou necesidades específicas.
- **Coordinación co equipo docente** doutras materias e co titorado para deseñar estratexias conxuntas.

- **Colaboración co departamento de orientación**, cando sexa preciso, para establecer medidas específicas de apoio.

Con estas medidas, búscase garantir unha aprendizaxe significativa e adaptada que permita ao alumnado desenvolver plenamente as súas competencias no ámbito da interpretación musical, respectando o seu ritmo e estilo persoal de aprendizaxe.

5 Temas transversais

A educación musical, ademais de desenvolver competencias técnicas e artísticas, tamén contribúe á formación integral do alumnado a través da integración de temas transversais. Estes aspectos fomentan valores fundamentais que enriquecen tanto o proceso educativo como a sociedade en xeral.

O currículo das ensinanzas profesionais de música inclúe elementos transversais que permiten reflexionar sobre dimensións sociais, éticas e humanas da educación, e que se poden traballar de xeito efectivo a través da interpretación musical.

5.1 Educación en valores

A través da materia de Guitarra promóvense os seguintes valores:

- **Educación para a saúde:** Insistírase na importancia da hixiene postural durante a audición e estudo musical. Traballárase tamén o impacto emocional positivo da música, favorecendo o equilibrio persoal e a xestión do estrés a través da escoita consciente.
- **Igualdade de xénero:** Visibilízanse compositoras, intérpretes e figuras femininas dentro da música moderna, favorecendo unha visión inclusiva e igualitaria da historia da música.
- **Respecto e convivencia:** O traballo en grupo, a análise compartida de obras e o diálogo sobre estilos musicais fomentarán o respecto polas ideas dos demais e a valoración da diversidade cultural e estética.

5.2 Desenvolvemento persoal e social

- **Creatividade e pensamento crítico:** A interpretación en Guitarra require tomar decisións artísticas conxuntas, escoitar propostas doutros compañeiros e valorar diferentes enfoques estilísticos, o que fomenta unha mente aberta, flexible e crítica.

- **Autoestima e expresión emocional:** A participación activa nun grupo musical favorece a confianza en si mesmo, ofrece un espazo seguro para expresar emocións a través da música e permite ao alumnado sentirse parte dun proxecto artístico colectivo.
- **Responsabilidade e esforzo:** A práctica en guitarra implica preparación individual, puntualidade, constancia e compromiso co conxunto, valores que fortalecen a disciplina persoal e o sentido de responsabilidade dentro dun equipo.

5.3 Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible

- **Educación ambiental:** Tomarase conciencia sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio tanto como ferramenta expresiva como elemento de respecto polos demais. Ademais, reflexionarase sobre a sostibilidade na industria musical.
- **Uso responsable das novas tecnoloxías:** Valorarase o uso ético das TIC, promovendo a reflexión sobre a dependencia tecnolóxica e o consumo consciente de contido dixital.

5.4 Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)

Uso de software especializado: Empregarase software específico para realizar análises harmónicas, rítmicas e estruturais de pezas para Guitarra, favorecendo unha aprendizaxe visual e auditiva máis completa, así como a comprensión da interacción entre seccións e instrumentos.

• **Gravación e produción musical:** Introducirase o uso básico de ferramentas para a edición e análise de audio de interpretación en guitarra, permitindo ao alumnado estudar obras desde unha perspectiva práctica e técnica, así como valorar o equilibrio e a dinámica entre seccións.

• **Aprendizaxe en liña:** Fomentarase o uso de plataformas dixitais para acceder a recursos de análise, investigación sobre estilos e repertorios de guitarra, e para o intercambio de ideas e traballos entre estudantes, facilitando o traballo colaborativo e a preparación de interpretacións en grupo.

A incorporación destes temas transversais na materia de **Guitarra** contribúe a unha formación máis global do alumnado, preparándoo para ser non só músico, senón tamén cidadán reflexivo, creativo e comprometido co seu entorno, capaz de analizar, interpretar e colaborar de xeito consciente dentro dun ensamble.

6 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

A promoción das ensinanzas de música moderna e a súa integración na vida cultural da comunidade son aspectos fundamentais desta programación. A través de diversas actividades culturais, preténdese enriquecer a experiencia do alumnado, fomentar o contacto co mundo profesional e achegar a música á sociedade, facendo visible o traballo que se realiza nas aulas e o valor da análise musical como ferramenta artística e intelectual.

6.1 Concertos e recitais

- **Organización de concertos didácticos**, nos que o alumnado interprete obras de distintos estilos da música moderna, achegando ao público a diversidade de formacións e repertorios.
- **Participación en festivais e encontros musicais locais e autonómicos**, representando ao centro mediante a interpretación de repertorio variado (pop, funk, jazz, rock, soul, etc.) e promovendo a visibilidade da música moderna.
- **Realización de audicións abertas ao público**, nas que o alumnado interprete o repertorio traballado en guitarra, favorecendo a experiencia escénica e a motivación artística.

6.2 Obradoiros e masterclasses

- **Invitación de profesionais da música moderna** para traballar conxuntamente coa banda aspectos como a interpretación de repertorio actual, técnicas específicas de seccións instrumentais ou a preparación de concertos e gravacións.
- **Obradoiros de creación e montaxe musical**, nos que o alumnado poida participar en procesos de arranxo, adaptación e preparación de novas pezas para a banda, aplicando de forma práctica os coñecementos adquiridos noutras materias.
- **Sesións de audición guiada en grupo**, para coñecer novos estilos e formacións instrumentais, reforzar a escoita activa e ampliar o repertorio de referencia do alumnado.

6.3 Colaboración con outras disciplinas artísticas

- **Proxectos conxuntos con danza, teatro ou artes visuais**, nos que a guitarra participe como acompañamento musical en creacións escénicas colectivas, integrando música en directo con outras disciplinas artísticas.
- **Participación en eventos culturais da contorna**, representando ao centro a través de actuacións en colaboración con asociacións culturais, escolas de arte ou centros educativos.

- **Colaboracións con escolas ou entidades audiovisuais**, para a creación de bandas sonoras orixinais ou a gravación de materiais formativos que combinen música moderna e imaxe.

Estas actividades buscan non só fortalecer as competencias interpretativas e colaborativas do alumnado, senón tamén favorecer a súa implicación en proxectos artísticos que conecten o conservatorio co entorno social e cultural.

7. Secuenciación por cursos

A tarefa dun futuro intérprete consiste, primeiramente, en **aprender a ler correctamente a partitura** para penetrar, a través da lectura, no sentido do escrito e poder apreciar o seu valor estético. Deste xeito, a execución posterior do texto musical adquire a súa plena dimensión de **mensaxe expresivamente significativa**, capaz de transmitir de xeito convincente a emoción de orde estética que esperta no espírito do intérprete.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe desenvolver as **capacidades específicas** que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades que lle brinda o instrumento. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento, é ao que chamamos **técnica**.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha **tarefa prioritaria para o intérprete**, tarefa que, ademais, require un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. En todo caso, o traballo técnico, representado por esas horas de práctica intensiva, debe estar sempre unido na mente do intérprete á **realidade musical** á que se pretende dar canle, evitando que a interpretación quede reducida a unha mera exercitación ximnástica.

A **formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical** constitúen un proceso continuo, alimentado polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e da propia do instrumento en particular. A este desenvolvemento contribúen tamén, de forma natural, os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica, que lle permiten ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan **estilisticamente correctas** e para unha **comprensión plena da música como linguaxe e medio de comunicación**.

Todo isto lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha **fronte interdisciplinar de gran amplitude**, que supón un longo proceso no que desempeñan un papel fundamental:

- O cultivo temperán das facultades físicas e psicomotrices.

- A progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

É por todo isto que a **finalidade das ensinanzas profesionais de música** consiste en proporcionarlle ao alumnado unha **formación artística de calidade**, garantindo a cualificación dos futuros profesionais da música. Estas ensinanzas constan de **catro funcións básicas**:

1. Formativa.
2. Orientadora.
3. Profesionalizadora.
4. Preparatoria para estudos posteriores.

O ensino da música no grao profesional, e da **guitarra eléctrica en particular**, organízase en **seis cursos**, que a continuación se describen.

7.1 Curso 1º

7.1.1 Obxectivos

- Adquirir os coñecementos necesarios do instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada e a súa conservación en bo estado.
- Utilizar eses coñecementos de xeito que posibiliten a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias do currículo ou mediante procura noutros medios.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces de estudo, así como autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escena á hora de interpretar o traballado en clase.
- Ser quen de ler a primeira vista, con corrección, pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso.
- Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- Respetar e valorar as opinións do profesorado e dos compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.

7.1.2 Contidos

- Adecuación da postura corporal en relación co instrumento. Quentamento, relaxación e concentración.
- Práctica da man no mástil e traballo da técnica de púa.
- Desenvolvemento progresivo da axilidade.
- Práctica da escala maior.
- Práctica dos modos na tonalidade maior.
- Lectura e memorización de patróns e frases sobre a cadencia II-V-I en modo maior.
- Práctica de tríadas en disposición pechada e as súas inversións na tonalidade maior, por grupos de cordas, tanto vertical como horizontalmente a través do mástil.
- Práctica de tríadas sobre a harmonía dos temas propios do curso.
- Introducción aos acordes e arpexios de cuatría.
- Recursos harmónicos e técnicos aplicados ao acompañamento.
- Práctica da escala pentatónica maior e menor.
- Traballo sobre o *groove* de diferentes estilos: Jazz, Bossa Nova, Funk, Reggae, Rhythm & Blues, Rock, etc.
- Traballo de lectura a primeira vista harmónica e melódica (primeira e segunda posición).
- Estudo da métrica e do ritmo con metrónomo ou outros dispositivos, como secuenciadores.
- Estudo de temas por estilos e obras representativas: forma Blues (Bb, F), forma AABA.
- Transcrición de solos, análise e extracción de recursos.

7.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo, co obxectivo de detectar as dificultades no momento en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera punto do curso.

Para iso, utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar aspectos concretos en cada caso, sendo determinados polo profesor/a segundo a adecuación cos obxectivos e contidos a avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase polos seguintes principios:

- **Obxectividade**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- **Transparencia**, xa que se aplicarán os criterios de cualificación recollidos nesta programación didáctica.

- **Accesibilidade**, dado que alumnado e familias dispoñerán de información continua sobre a avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, máis aló das cualificacións trimestrais ou finais.

Tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** punto de partida do proceso de ensinanza-aprendizaxe, servirá para detectar necesidades e capacidades do alumnado e planificar a intervención educativa.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso do alumnado, así como da súa actitude e asistencia. Suporá o 65% da nota. Se se superan as faltas permitidas, o alumno/a perderá o dereito a esta modalidade de avaliación.
- **Avaliación puntual:** realizarase en audicións e concertos, valorando a cantidade e calidade do traballo presentado, así como a actitude e comportamento como intérprete e como oínte. Suporá o 35% da nota.

7.1.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar diariamente en clase progreso na capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados. Adoptar unha postura correcta no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada.
- Demostrar capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
- Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso, valorando sempre a calidade sonora.
- Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística, capacidade comunicativa, autocontrol e coidado da posta en escena.
- Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase, tanto co profesorado como cos compañeiros.

7.1.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen deter a execución e ao tempo indicado.
- Recoñecer as diferentes escalas, arpeixos e acordes estudados, así como a súa utilización axeitada nun contexto musical determinado.
- Coñecer as diferentes técnicas con púa e cos dedos para obter un son de calidade.

- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
Cultura musical xeral e da especialidade	Coñecemento de instrumentos, historia, vocabulario específico, intérpretes, contexto histórico das obras, asistencia a concertos e cursiños, etc.	5 %

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do **Consello Escolar** de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte, sempre que o alumnado, logo da orientación do profesorado, así o solicite. Isto farase conforme a criterios obxectivos e atendendo á súa adecuada madurez e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire acceder.

O **Departamento de Guitarra do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas** establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha **proba instrumental**, na que deberá demostrar a consecución de todos os obxectivos recollidos na programación do curso que pretende superar.

Os **criterios de avaliación** aplicados serán os propios dese curso, e os **criterios de cualificación** virán determinados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto **7.4.3.4**.

7.4.3.6 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación aplicaranse no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos do curso, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de perda da avaliación continua (consultar o apartado 10.4 do ANEXO referente ás faltas de asistencia), o alumno ou alumna terá dereito á realización dunha **proba final en xuño**, na que deberá presentar obras do programa do curso.

- O repertorio será escollido polo titor ou titora de entre as obras da programación de dito curso.
- Deberá incluír, como mínimo, unha obra de cada instrumento.
- Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ao curso.
- Os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto **7.3.3.4**.

➤ **Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que non supere a avaliación ordinaria de xuño terá outra oportunidade no mes de **setembro**.

- A proba consistirá na presentación da totalidade das pezas programadas para o curso que lle quedasen pendentes.
- As obras aparecerán recollidas no **informe de materia non superada** redactado polo titor ou titora.
- Aplicaranse os criterios de avaliación do curso.
- A cualificación determinarase pola execución técnica e interpretativa das pezas, segundo os aspectos da táboa do punto **7.4.3.4**.

7.4.4 Recursos didácticos

A continuación relaciónase un **material bibliográfico orientativo**, válido para a adquisición dos contidos do curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar os recursos máis adecuados segundo os criterios pedagóxicos que considere oportunos:

- *Rockschool Books*
- *Ted Greene – Chord Chemistry*
- *Ted Greene – Jazz Guitar: Single Note Soloing, Vol. 1*
- *Ted Greene – Modern Chord Progressions: Jazz and Classical Voicings for Guitar*
- *Les Wise – Bebop Bible*
- *Dave Liebman – Chromatic Approach to Jazz Harmony and Melody*
- *Mick Goodrick – The Advancing Guitarist*

- *Diversos temas da canción americana, adecuados ao nivel en curso, extraídos de The Real Book*
- *Ted Pease & Ken Pullig – Modern Jazz Voicings*
- *Nelson Faria – Brazilian Guitar Book*

7.5 Curso 5º

7.5.1 Obxectivos

- Adquirir os coñecementos necesarios do instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada e a súa conservación en bo estado.
- Posibilitar a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso.
- Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- Respetar e valorar as opinións do profesorado e dos compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.
- Ser quen de percibir e describir, logo dunha audición de diferentes obras, os seus elementos característicos.

7.5.2 Contidos

- Automatización e profundización nos modos da escala maior, escala menor harmónica (mixolidia b9, b13), escala menor melódica (lidia b7, alterada), así como escalas pentatónicas e de blues, maiores e menores en todas as posicións e tons.
- Introducción ás escalas simétricas (aumentada, diminuída e por tons).
- Introducción ás diferentes escalas *bebop* (maior, dórica e mixolidia).
- Lectura e memorización de patróns e frases sobre diferentes cadencias e progresións diatónicas e non diatónicas en todos os tons.
- Repaso de tríadas (abertas, pechadas, inversións, maiores, menores, aumentadas e diminuídas) e práctica das tríadas sobre a harmonía dun tema.

- Práctica de acordes cuatríada e as súas inversións.
- Traballo sobre as tensións máis habituais dos acordes cuatríada.
- Enlace de arpejos cuatríada en diferentes progresións harmónicas utilizando notas de aproximación e cromatismos.
- Traballo sobre dominantes secundarios e dominantes substitutos.
- Traballo sobre a rearmonización dun tema.
- Práctica dos tons guía sobre a harmonía dos diferentes temas.
- Lectura a primeira vista (melódica e harmónica) en todas as posicións.
- Estudo de temas por estilos. Pezas máis representativas:
- Forma Blues (maior e menor)
- Formas AABA, ABCD, AABC, AAB, AB
- *Rhythm Changes*
- Transcripción de solos: análise, extracción de recursos e aplicación en todos os tons e posicións.
- Traballo sobre *Walking Bass* e *Voicings & Comping*.
- Práctica de *Chord Melody* en guitarra solista.

Secuenciación trimestral

Primeiro trimestre

- Cuatríadas *drop 2* en 3ª inversión [5432].
- Escala simétrica diminuída (introdución).
- Lectura a primeira vista.
- Transcripción.
- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- Patrón melódico II-V-I.
- *Comping*.
- Introdución á estrutura *Rhythm Changes*.
- Tema de repertorio: *Blues for Alice*.

Segundo trimestre

- Cuatríadas *drop 2* en 3ª inversión [4321].
- Escala simétrica diminuída e acordes resultantes.
- Lectura a primeira vista.
- Transcripción.

- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- *Walking Guitar*.
- Patrón melódico II-V-I.
- *Rhythm Changes*.
- Tema de repertorio: *Oleo*.

Terceiro trimestre

- Repaso de cuatríadas *drop 2* en 3ª inversión [5432] e [4321].
- Escala de tons enteiros.
- Lectura a primeira vista.
- Transcripción.
- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- Patrón melódico II-V-I.
- Tema de repertorio: *A Night in Tunisia*.

Repertorio

- *Blues for Alice*
- *Oleo*
- *Someday My Prince Will Come*
- *Stolen Moments*
- *All the Things You Are*
- *A Night in Tunisia*

Segundo o perfil do alumno, recorrerase a diferentes pezas ou exercicios técnicos.

7.4.6 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo, co obxectivo de detectar as dificultades no momento en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera punto do curso.

Para iso, utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar aspectos concretos en cada caso, sendo determinados polo profesor/a segundo a adecuación cos obxectivos e contidos a avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase polos seguintes principios:

- **Obxectividade**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- **Transparencia**, xa que se aplicarán os criterios de cualificación recollidos nesta programación didáctica.
- **Accesibilidade**, dado que alumnado e familias dispoñerán de información continua sobre a avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, máis aló das cualificacións trimestrais ou finais.

Tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** punto de partida do proceso de ensinanza-aprendizaxe, servirá para detectar necesidades e capacidades do alumnado e planificar a intervención educativa.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso do alumnado, así como da súa actitude e asistencia. Suporá o 65% da nota. Se se superan as faltas permitidas, o alumno/a perderá o dereito a esta modalidade de avaliación.
- **Avaliación puntual:** realizarase en audicións e concertos, valorando a cantidade e calidade do traballo presentado, así como a actitude e comportamento como intérprete e como oínte. Suporá o 35% da nota.

7.5.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar diariamente en clase progreso na capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados. Adoptar unha postura correcta no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada.
- Demostrar capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
- Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso, valorando sempre a calidade sonora.
- Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística, capacidade comunicativa, autocontrol e coidado da posta en escena.
- Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase, tanto co profesorado como cos compañeiros.

7.5.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen deter a execución e ao tempo indicado.

- Recoñecer as diferentes escalas, arpexios e acordes estudados, así como a súa utilización axeitada nun contexto musical determinado.
- Coñecer as diferentes técnicas con púa e cos dedos para obter un son de calidade.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desprazamentos necesarios de maneira relaxada.

7.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así como de forma puntual o día do concerto. Este procedemento fornece información sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos e dificultades do alumnado, así como sobre as estratexias que emprega no seu proceso educativo.
- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e que estratexias utiliza o alumnado a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo. Ao mesmo tempo, permite ao profesor detectar lagoas ou deficiencias na metodoloxía ou nas actividades realizadas ata o momento.

En canto ás **ferramentas de recollida de datos** durante o seguimento do alumnado, empregaranse o **diario de clase** e as **follas de rexistro**.

Aspectos a avaliar	Porcentaxe
Técnica básica do instrumento (articulacións, dixitacións, <i>tapping</i> , <i>sweep picking</i> , <i>economy picking</i> ...)	20 %
Posición corporal e respiración (coordinación, postura, relaxación, respiración, agarres e pinzados correctos...)	10 %
Calidade do son e/ou afinación (cor, timbre, ataques, etc.)	20 %
Corrección e adecuación ao escrito na partitura (ritmo, notas, dinámica, tempos, equivalencias, etc.)	20 %
Interpretación acorde ao estilo (entendemento da partitura, intención, expresión, carácter, fluidez, etc.)	20 %
Posta en escea / Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervios, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.)	10 %

7.5.3.4 Criterios de cualificación

Aspectos a avaliar	Descrición	Porcentaxe
Traballo diario persoal e hábitos de estudo	Evolución persoal, cumprimento de obxectivos de estudo, xestión do tempo, equilibrio entre obras, audición de versións, etc.	50 %
Interpretación do repertorio programado	Técnica, calidade do son, adecuación á partitura, interpretación acorde ao estilo; avaliación na aula e/ou en público.	35 %
Actitude na clase	Comportamento, interese, asistencia, puntualidade, coidado do material, etc.	10 %
Cultura musical xeral e da especialidade	Coñecemento de instrumentos, historia, vocabulario específico, intérpretes, contexto histórico das obras, asistencia a concertos e cursiños, etc.	5 %

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do **Consello Escolar** de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte, sempre que o alumnado, logo da orientación do profesorado, así o solicite. Isto farase conforme a criterios obxectivos e atendendo á súa adecuada madurez e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire acceder.

O **Departamento de Guitarra do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas** establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha **proba instrumental**, na que deberá demostrar a consecución de todos os obxectivos recollidos na programación do curso que pretende superar.

Os **criterios de avaliación** aplicados serán os propios dese curso, e os **criterios de cualificación** virán determinados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto **7.5.3.4**.

7.5.3.6 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación aplicaranse no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos do curso, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de perda da avaliación continua (consultar o apartado 10.4 do ANEXO referente ás faltas de asistencia), o alumno ou alumna terá dereito á realización dunha **proba final en xuño**, na que deberá presentar obras do programa do curso.

- O repertorio será escollido polo titor ou titora de entre as obras da programación de dito curso.
- Deberá incluír, como mínimo, unha obra de cada instrumento.
- Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ao curso.
- Os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto **7.5.3.4**.

➤ **Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que non supere a avaliación ordinaria de xuño terá outra oportunidade no mes de **setembro**.

- A proba consistirá na presentación da totalidade das pezas programadas para o curso que lle quedasen pendentes.
- As obras aparecerán recollidas no **informe de materia non superada** redactado polo titor ou titora.
- Aplicaranse os criterios de avaliación do curso.
- A cualificación determinarase pola execución técnica e interpretativa das pezas, segundo os aspectos da táboa do punto **7.5.3.4**.

7.5.4 Recursos didácticos

A continuación relaciónase un **material bibliográfico orientativo**, válido para a adquisición dos contidos do curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar os recursos máis adecuados segundo os criterios pedagóxicos que considere oportunos:

- *Rockschool Books*
- *Ted Greene – Chord Chemistry*
- *Ted Greene – Jazz Guitar: Single Note Soloing, Vol. 1*
- *Ted Greene – Modern Chord Progressions: Jazz and Classical Voicings for Guitar*
- *Les Wise – Bebop Bible*
- *Dave Liebman – Chromatic Approach to Jazz Harmony and Melody*
- *Mick Goodrick – The Advancing Guitarist*

- *Diversos temas da canción americana, adecuados ao nivel en curso, extraídos de The Real Book*
- *Ted Pease & Ken Pullig – Modern Jazz Voicings*
- *Nelson Faria – Brazilian Guitar Book*

7.6 Curso 6º

7.6.1 Obxectivos

- Adquirir os coñecementos necesarios do instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada e a súa conservación en bo estado.
- Posibilitar a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso.
- Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.
- Ser quen de percibir e describir, logo dunha audición de diferentes obras, os seus elementos característicos. Ser quen de percibir e describir, logo dunha audición de diferentes obras, os seus elementos característicos.

7.6.2 Contidos

- Automatización e profundización nos modos da escala maior, escala menor harmónica (mixolidia b9, b13), escala menor melódica (lidia b7, alterada), así como escalas pentatónicas e de blues, maiores e menores en todas as posicións e tons.
- Traballo sobre as escalas simétricas (aumentada, diminuída e por tons) e a súa aplicación na improvisación.
- Traballo sobre os diferentes tipos de escala *bebop* (maior, dórica e mixolidia).

- Lectura e memorización de patróns e frases sobre diferentes cadencias e progresións diatónicas e non diatónicas en todos os tons.
- Repaso de tríadas (abertas, pechadas, inversións, maiores, menores, aumentadas e diminuídas) e práctica das tríadas sobre a harmonía dun tema.
- Práctica de acordes cuatríada e as súas inversións.
- Traballo das tensións máis habituais dos acordes cuatríada.
- Enlace de arpexios cuatríada en diferentes progresións harmónicas utilizando notas de aproximación e cromatismo.
- Traballo sobre dominantes secundarios, substitutos e por extensión.
- Traballo sobre a rearmonización dun tema.
- Práctica dos tons guía sobre a harmonía dos diferentes temas.
- Lectura a primeira vista (melódica e harmónica) en todas as posicións.
- Estudo de temas por estilos. Pezas máis representativas:
 - Forma Blues (maior e menor)
 - Formas AABA, ABCD, AABC, AAB, AB
 - *Rhythm Changes*
 - *Coltrane Changes*
- Transcrición de solos: análise, extracción de recursos e aplicación en todos os tons e posicións.
- Traballo sobre *Walking Bass* e *Voicings & Comping*.
- Práctica de *Chord Melody* en guitarra solista.

Secuenciación trimestral

Primeiro trimestre

- Cuatríadas *drop 3* en [6432].
- Escala maior *bebop*.
- Lectura a primeira vista.
- Transcrición.

- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- Introducción aos *Coltrane Changes*.
- Introducción ao *comping*.
- Estrutura *Rhythm Changes*.
- Tema de repertorio: *Donna Lee*.

Segundo trimestre

- Cuatríadas *drop 3* en [5321].
- Escala mixolidia *bebop*.
- Lectura a primeira vista.
- Transcripción.
- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- *Coltrane Changes*.
- *Rhythm Changes*.
- Tema de repertorio: *Darn That Dream*.

Terceiro trimestre

- Repaso de cuatríadas *drop 3*.
- Repaso de material visto en cursos anteriores.
- Lectura a primeira vista.
- Transcripción.
- *Chord Melody* sobre un tema *standard*.
- Tema de repertorio: *Nica's Dream*.

Repertorio

- *Donna Lee*
- *Ornithology*
- *Darn That Dream*

- *Au Privave*
- *Joy Spring*
- *Rhythm Changes*

Segundo o perfil do alumno, recorrerase a diferentes pezas ou exercicios técnicos.

7.6.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo, co obxectivo de detectar as dificultades no momento en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera punto do curso.

Para iso, utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar aspectos concretos en cada caso, sendo determinados polo profesor/a segundo a adecuación cos obxectivos e contidos a avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase polos seguintes principios:

- **Obxectividade**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- **Transparencia**, xa que se aplicarán os criterios de cualificación recollidos nesta programación didáctica.
- **Accesibilidade**, dado que alumnado e familias dispoñerán de información continua sobre a avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, máis aló das cualificacións trimestrais ou finais.

Tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** punto de partida do proceso de ensinanza-aprendizaxe, servirá para detectar necesidades e capacidades do alumnado e planificar a intervención educativa.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso do alumnado, así como da súa actitude e asistencia. Suporá o 65% da nota. Se se superan as faltas permitidas, o alumno/a perderá o dereito a esta modalidade de avaliación.
- **Avaliación puntual:** realizarase en audicións e concertos, valorando a cantidade e calidade do traballo presentado, así como a actitude e comportamento como intérprete e como oínte. Suporá o 35% da nota.

7.6.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar diariamente en clase progreso na capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios

programados. Adoptar unha postura correcta no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada.

- Demostrar capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
- Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso, valorando sempre a calidade sonora.
- Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística, capacidade comunicativa, autocontrol e coidado da posta en escena.
- Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase, tanto co profesorado como cos compañeiros.

7.6.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen deter a execución e ao tempo indicado.
- Recoñecer as diferentes escalas, arpexios e acordes estudados, así como a súa utilización axeitada nun contexto musical determinado.
- Coñecer as diferentes técnicas con púa e cos dedos para obter un son de calidade.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desprazamentos necesarios de maneira relaxada.

7.6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así como de forma puntual o día do concerto. Este procedemento fornece información sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos e dificultades do alumnado, así como sobre as estratexias que emprega no seu proceso educativo.
- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e que estratexias utiliza o alumnado a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo. Ao mesmo tempo, permite ao profesor detectar lagoas ou deficiencias na metodoloxía ou nas actividades realizadas ata o momento.

En canto ás **ferramentas de recollida de datos** durante o seguimento do alumnado, empregaranse o **diario de clase** e as **follas de rexistro**.

Aspectos a avaliar	Porcentaxe
Técnica básica do instrumento (articulacións, dicitacións, <i>tapping</i> , <i>sweep picking</i> , <i>economy picking</i> ...)	20 %
Posición corporal e respiración (coordinación, postura, relaxación, respiración, agarres e pinzados correctos...)	10 %
Calidade do son e/ou afinación (cor, timbre, ataques, etc.)	20 %
Corrección e adecuación ao escrito na partitura (ritmo, notas, dinámica, tempos, equivalencias, etc.)	20 %
Interpretación acorde ao estilo (entendemento da partitura, intención, expresión, carácter, fluidez, etc.)	20 %
Posta en escea / Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervios, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.)	10 %

7.6.3.4 Criterios de cualificación

Aspectos a avaliar	Descrición	Porcentaxe
Traballo diario persoal e hábitos de estudo	Evolución persoal, cumprimento de obxectivos de estudo, xestión do tempo, equilibrio entre obras, audición de versións, etc.	50 %
Interpretación do repertorio programado	Técnica, calidade do son, adecuación á partitura, interpretación acorde ao estilo; avaliación na aula e/ou en público.	35 %
Actitude na clase	Comportamento, interese, asistencia, puntualidade, coidado do material, etc.	10 %
Cultura musical xeral e da especialidade	Coñecemento de instrumentos, historia, vocabulario específico, intérpretes, contexto histórico das obras, asistencia a concertos e cursiños, etc.	5 %

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.6.3.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación aplicaranse no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos do curso, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de perda da avaliación continua (consultar o apartado 10.4 do ANEXO referente ás faltas de asistencia), o alumno ou alumna terá dereito á realización dunha **proba final en xuño**, na que deberá presentar obras do programa do curso.

- O repertorio será escollido polo titor ou titora de entre as obras da programación de dito curso.
- Deberá incluír, como mínimo, unha obra de cada instrumento.
- Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ao curso.
- Os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto **7.6.3.4**.

➤ Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non supere a avaliación ordinaria de xuño terá outra oportunidade no mes de **setembro**.

- A proba consistirá na presentación da totalidade das pezas programadas para o curso que lle quedasen pendentes.
- As obras aparecerán recollidas no **informe de materia non superada** redactado polo titor ou titora.
- Aplicaranse os criterios de avaliación do curso.
- A cualificación determinarase pola execución técnica e interpretativa das pezas, segundo os aspectos da táboa do punto **7.6.3.4**.

7.6.4 Recursos didácticos

A continuación relaciónase un **material bibliográfico orientativo**, válido para a adquisición dos contidos do curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar os recursos máis adecuados segundo os criterios pedagóxicos que considere oportunos:

- *Rockschool Books*
- *Ted Greene – Chord Chemistry*
- *Ted Greene – Jazz Guitar: Single Note Soloing, Vol. 1*

- *Ted Greene – Modern Chord Progressions: Jazz and Classical Voicings for Guitar*
- *Les Wise – Bebop Bible*
- *Dave Liebman – Chromatic Approach to Jazz Harmony and Melody*
- *Mick Goodrick – The Advancing Guitarist*
- *Diversos temas da canción americana, adecuados ao nivel en curso, extraídos de The Real Book*
- *Ted Pease & Ken Pullig – Modern Jazz Voicings*
- *Nelson Faria – Brazilian Guitar Book*

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións recollidas no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que “a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa”.

Neste sentido, o Departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe do alumnado, desenvolvido no apartado correspondente de cada curso, da programación didáctica, e da labor docente.

O seguimento e avaliación da programación será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia en acta das desviacións e modificacións acordadas. Estas propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento e servirán de base para a actualización da programación no seguinte curso académico.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten **coherencia e continuidade**, indicando as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

No caso de 6º curso, ao tratarse da culminación do Grao Profesional, prestarase unha atención especial a que a avaliación e o seguimento da programación aseguren a adquisición das competencias finais propias da etapa.

Dende o Departamento de Musicoloxía, para avaliar a nosa programación didáctica, teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** a súa adecuación ás necesidades do alumnado e ao Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** validez da súa selección con respecto aos obxectivos formulados e adecuación ao nivel final da etapa.
- **Actividades:** adaptación á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** coherencia e adecuación á realidade do grupo.
- **Medios e recursos:** avaliación da idoneidade dos recursos empregados e da súa relación cos obxectivos propostos.
- **Avaliación:** comprobación da coherencia entre criterios de avaliación, procedementos, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** valoración da relación co alumnado e do clima de convivencia, cooperación e traballo.

9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento tratanse todos estes puntos ademais dos que o profesor considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

10. Anexos

10.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional

Na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios pódese atopar toda a información referente a este punto.

- Documento de información sobre as probas de acceso.

10.2 Probas de acceso a outros cursos

Do mesmo xeito que no punto anterior, toda a información relativa ás probas de acceso a outros cursos atópase na páxina web e no taboleiro de anuncios do centro.

- Documento de información sobre as probas de acceso a outros cursos.

10.3 Premios de fin de grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

10.3.1 Contidos da proba

- Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima.
- Inclusión dunha serie de obras que representen, cando menos, tres estilos diferentes (agás nos instrumentos nos que non sexa posible).
- Interpretación de memoria dunha das obras presentadas.
- Elaboración e entrega, por parte do aspirante, das notas ao programa en secretaría (rexistro de entrada e soporte informático) cun mínimo de 3 días de antelación á proba. Non se recollerán documentos fóra de prazo sen unha xustificación aceptada pola Dirección do Centro.
- As notas ao programa terán unha extensión máxima dun folio (DIN A4) con 3.750 caracteres.

10.3.2 Criterios de avaliación

- Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.
- Presentar un programa coherente en relación cos contidos expostos.
- Interpretar un programa que inclúa obras de diferentes épocas e/ou estilos cun nivel de dificultade axeitado.

10.3.3 Criterios de cualificación

- Ver anexo 10.4.

10.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais

Indicadores	Porcentaxe Nota
Hábito postural e control da respiración	20%
Adecuación á partitura	20%
Calidade do son e/ou afinación	20%
Interpretación	25%
Actitude	15%

10.5 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas: **xustificadas** e **sen xustificar**.

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ao 30% ou máis das clases ao longo do curso.

Na materia de Percusión isto supón:

- Máximo de **6 faltas sen xustificar**, ou
- Máximo de **9 faltas xustificadas**, pero nunca máis de 9 en total (sexan xustificadas ou non).

Para xustificar as faltas, estará dispoñible na conserxería e na páxina web do centro un formulario que deberá ser cuberto e entregado ao profesor titor de Percusión, quen decidirá finalmente se a falta é aceptada como xustificada.